

ACTOS PÚBLICOS E DE PRESENTACIÓN DOS EVENTOS DEPORTIVOS

Con relacións aos actos públicos e de presentación dos eventos deportivos federativos, entre outras, nos convenios anuais de colaboración establécense as seguintes obrigas para as federacións deportivas:

4.4.1.e) *Asegurar a presenza da Secretaría Xeral para o Deporte en termos de presentación e comunicación das actuacións federativas e publicitarias:*

- **Garantir a presenza institucional da Secretaría Xeral para o Deporte** en todas as actuacións de presentación e comunicación das actuacións federativas de carácter oficial e *Incluír a identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en toda a publicidade que realice a federación, sexa por cartelería, a través dos medios de comunicación ou calquera outro soporte utilizado, incluída internet para a difusión da súa actividade, facendo fincapé na colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte, segundo o manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia que se xunta como anexo. Do mesmo xeito, a federación deportiva **deberá responsabilizarse da presenza institucional e publicitaria** nos diferentes eventos do seu calendario, independentemente da delegación da organización destes noutra entidade deportiva, empresa privada ou calquera outro posible organizador.*

4.4.2.p) *Comunicarlle á Secretaría Xeral para o Deporte a intención de solicitar calquera competición de carácter nacional ou internacional, así como as datas e sedes de celebración dos campionatos galegos e outros eventos de relevancia, con polo menos **dúas semanas de antelación**, incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos á súa presentación, **garantindo a presenza institucional da Secretaría Xeral para o Deporte nestes eventos**.*

Aos efectos dun mellor cumprimento do sinalado nos apartados anteriores dítanse as seguintes instrucións:

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Escola Galega de Administración
Pública (EGAP)
Rúa Madrid 2-4, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
T. +34 881 996 348/353
secretaria.deporta@xunta.gal
www.xunta.gal

- A comunicación do día, hora e sede relativos aos actos de presentación e protocolarios enviarase a través do seguinte correo electrónico: protocolo.deporte@xunta.gal con copia a fhgallega@fhgallega.com
- A comunicación enviarase cunha antelación **mínima de 2 semanas**.
- Os actos de presentación dos eventos deportivos que se desenvolvan nunha instalación deportiva de titularidade da Xunta de Galicia realizaranse, con carácter xeral, na propia instalación ou nunha sede da Administración Autonómica.
- Cunha antelación **mínima de 5 días** ao da celebración do acto de presentación ou protocolario respectivo, a Secretaría Xeral para o Deporte comunicará a persoa que asistirá na súa representación.
- Estas instrucións serán efectivas a partir do día 23/05/2022.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Escola Galega de Administración
Pública (EGAP)
Rúa Madrid 2-4, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
T. +34 881 996 348/353
secretaria.deporta@xunta.gal
www.xunta.gal